



GUÍA DE MATRÍCULA

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS DE GRAO

IDENTIFICACIÓN

- Tras pulsar en “Acceso a matrícula de continuación de estudos” chegarás ao apartado no que se te pedirá que te identifies, para o que debes utilizar o teu usuario e contrasinal da UDC:

Si no lembrás a túa contrasinal, podes pulsar na imaxe anterior no apartado “Esqueciches o teu contrasinal?” ou no “Enlace de recuperación da conta institucional” que aparece na páxina na que descargaches esta guía, o que te permitirá acceder ao procedemento de recuperación de credenciais da UDC:

Inicio de sesión



 Identifícate con usuario e contrasinal

 Identifícate con certificado dixital

 [Esqueciches o teu contrasinal?](#)

 [Activa a túa conta de servizos](#)

 [Necesitas axuda?](#)

Recuperación de credenciais da UDC




Usuario de servizos ou documento de identidade




Restablecer o contrasinal

MATRÍCULA

- Ao entrar na aplicación de matrícula verás os teus datos e un diagrama co fluxo do proceso.
- Para avanzar entre pantallas podes usar o botón inferior de “Seguinte” ou pulsar no seguinte paso do fluxo, pero o avance sempre terá que ser secuencial, sen saltar ningún paso, aínda que podes retroceder en calquera momento antes de confirmar a túa matrícula.

Nome e apelidos		DNI		
Ano		NIA		
Centro		Tipo de estudos		
Estudo		Especialidade		
Plan de estudos		Real decreto		
Réxime				



PANTALLA “OS MEUS DATOS PERSOAIS”

- Nesta pantalla debes revisar os datos persoais que están no sistema. É importante que a información sexa correcta, porque se poderá usar para contactar contigo, ou incluso en diferentes procedementos como axudas ou premios, parte desta información serve para filtrar aos candidatos/participantes.
- Algúns dos datos pódelos modificar ti, pero outros, como a nacionalidade, unicamente poden modificarse pola Administración/UXAI do Centro ao que lle corresponde a túa titulación.
- Nesta pantalla tamén tenrás que aceptar a política de protección de datos da UDC. Para elo terás que pulsar previamente na ligazón coa descrición da dita política, e aceptar.

INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS

[Ligazón ao texto completo de consentimento de tratamento de datos persoais](#)

☐ Lin e acepto a información sobre protección de datos da UDC

PANTALLA “ACHEGAR DOCUMENTOS”

- Nesta pantalla poderás achegar unha gran cantidade de documentos que facilitarán as túas xestións coa Universidade.
- Como es alumno de continuación de estudos, o normal é que tanto o documento identificativo como o título que che deu acceso aos estudos nos que te estás matriculando xa os entregases, polo que non é necesario que os volvas a entregar (a non ser que, por exemplo, o documento identificativo caducase e renováralo).
- En canto ao resto de documentos, algúns fan referencia a situacións que xerarán unha redución no importe que terás que pagar pola túa matrícula (por exemplo, a acreditación de familia numerosa). Aínda que podes marcar esas exencións/bonificacións mentres te matriculas, sen necesidade de que subas os documentos xustificativos neste momento, é recomendable que o fagas, xa que en caso contrario terás que achegalos no prazo de 10 días a través do módulo de “Solicitudes de instancias” da túa Secretaría Virtual. Neste sentido, ten en conta que, se se che pasa este prazo e non presentas esa documentación, o Centro pode dar de baixa a túa matrícula para este curso.
- Actualmente, só se pode subir un arquivo por cada tipo de documento. Na maior parte dos documentos que aparecen predefinidos nesta pantalla, isto non representa ningún problema, xa que o normal é que o documento estea nun só arquivo, pero se queres utilizar a opción “Outros documentos” e queres subir dous ou máis documentos de diferente natureza (un visado e un informe médico, por exemplo), deberás unilos nun só documento.

PANTALLA “CUESTIONARIO ESTADÍSTICO”

- Na terceira pantalla é necesario que cubras o cuestionario estatístico.

i En aplicación da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública que regula a obriga dos organismos públicos de facilitar os datos requiridos polo Instituto Nacional de Estadística, solicitámosche que cubras a seguinte enquisa. Os datos recollidos teñen unha función estatística e están amparados polo segredo estatístico, o cal obriga a non difundir en ningún caso os datos persoais.

CUESTIONARIO ESTADÍSTICO

i Estes datos usaranse con fins estatísticos

DATOS ESTADÍSTICOS


Último ano que cursou o estudo que lle dá acceso a este arao

2025



PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”

- Na seguinte pantalla poderás seleccionar as materias das que te vas a matricular.
- Na parte superior dereita móstrase en todo momento o total de materias que seleccionaches e o total de créditos que levas matriculados.
- Lembra que, como te matriculas de continuación de estudos, é necesario matricular de entre o mínimo e o máximo de créditos que corresponden ao réxime de dedicación ao estudo que seleccionases.

Nome e apelidos		DNI			A miña matrícula Materias 0 Créditos 0
Ano		NIA			
Centro		Tipo de estudos			
Estudo		Especialidade			
Plan de estudos		Real decreto			
Réxime					



PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIONAR A MENCIÓN

- Nalgunhas titulacións hai que cursar obrigatoriamente unha mención, mentres que noutras, ademais, existe tamén a posibilidade de cursar o título sen mención. Se a túa titulación é do primeiro tipo, a elección da mención debes facela no curso concreto que corresponde (por exemplo, en 4º curso), polo que debes coñecer o teu plan de estudos para saber se tes xa que elixir mención ou non, xa que se o fas antes de que che corresponda, isto pode carrexar problemas no futuro cando chegues ao momento no que si debes escollela.

ASIGNATURAS A MATRICULAR

OPCIONES

Especialidad 0 - Sin especialidad

Régimen de permanencia 0 - Sin especialidad

220 - Sociedad y Empresa Inteligentes, módulo Formación Académica

221 - Sociedad y Empresa Inteligentes, módulo Formación en Empresa

INFORMACIÓN

- Se xa elixiches nalgún curso anterior a mención que vas cursar, xa che aparecerá seleccionada e non a poderás cambiar (para facelo terías que contactar coa Administración do Centro no que se xestionan os estudos nos que estás matriculado).

ASIGNATURAS A MATRICULAR

OPCIONES

Especialidad 190 - Tecnologías de la Información

Régimen de permanencia 0 - Dedicación a tiempo completo

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIONAR O RÉXIME DE PERMANENCIA

- A continuación verás un desplegable no que poderás optar entre 3 valores:
 - 0-Dedicación a tempo completo: é o réxime ordinario de dedicación ao estudo e é o que aparece por defecto na túa matrícula.
 - 2-Solicitud dedicación a tempo parcial: é un réxime que che permite cursar un mínimo de 24 créditos e un máximo de 48, pero debes cumprir determinados requisitos (podes consultar a normativa [aquí](#)). Se desexas solicitar este réxime, debes marcalo no desplegable e matricularte do número de créditos que desexas dentro dos límites anteriores; se posteriormente non se che concede, poderás optar entre ampliar a túa matrícula ao réxime de dedicación a tempo completo ou anulala.
 - 4-Solicitud matrícula en réxime adaptado: é un réxime que che permite cursar un mínimo de 6 créditos e un máximo de 24. O resto da súa regulación é igual que a que se indica para a dedicación a tempo parcial (esixencia de certos requisitos, mesma normativa, necesidade de marcalo no desplegable, matrícula dentro dos límites anteriores e consecuencias da súa non concesión).
- Se vas solicitar algún destes réximes especiais e non inclúes xa o documento xustificativo na pantalla “Achegar documentos”, terás que presentalo no prazo de 10 días a través do modulo de “Solicitudes de instancias”, ao que poderás acceder tras terminar a túa matrícula.

MATERIAS PARA MATRICULAR

OPCIÓN

Especialidade

Réxime de permanencia

0 - Non especificada

0 - Dedicación a tempo completo

0 - Dedicación a tempo completo

2 - Solicitud dedicación a tempo parcial

4 - Solicitud matrícula en réxime adaptado

INFORMACIÓN



PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIONAR O IDIOMA

- Nalgúns estudos ofértase a posibilidade de cursar algunhas das materias en inglés, polo que pode aparecer, a continuación do apartado destinado ao réxime de permanencia, o apartado “Idioma”:

The screenshot shows a web form titled "ASIGNATURAS A MATRICULAR". It has two main sections: "OPCIONES" and "INFORMACIÓN". Under "OPCIONES", there are three rows: "Especialidad" with the value "0 - No especificada", "Régimen de permanencia" with the value "0 - Dedicación a tiempo completo", and "Idioma" with a dropdown menu. The dropdown menu is open, showing two options: "Inglés" and "Español-Gallego". Below the "INFORMACIÓN" section, there is a heading "INFORMACIÓN SOBRE COMO".

- Cando indiques o idioma, a aplicación automaticamente efectuará a selección do grupo que corresponda (inglés ou español-galego) en cada unha das materias que matricules.
- Con todo, pode ocorrer que o Centro non configúrase a oferta de idioma da maneira que describimos anteriormente, polo que nese caso, cando selecciones unha materia que se poida cursar en inglés, aparecerá un cadro no que poderás escoller que idioma queres, como veremos máis adiante.

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: INFORMACIÓN

- Para axudarche na realización correcta da matrícula, atoparás debaixo das opcións e antes da selección de materias unha serie de mensaxes informativas.
- Leos antes de proceder á selección das materias para matricular. En particular, atoparás unha ligazón a unha ficha coas características da titulación e as condicións de obtención do título. É importante que a revises para asegurar que matriculas as materias correctas.

INFORMACIÓN

INFORMACIÓN SOBRE COMO CONFIGURAR O ITINERARIO DE ESTUDOS

Aínda que a aplicación valida que a selección de materias sexa correcta dacordo ao plano de estudos, cando os estudantes solicitan matrícula a tempo parcial ou en réxime adaptado, ou cando son alumnos de continuación con materias pendentes, non valida se as materias que está seleccionando se corresponden coa combinación mínima de créditos ECTS para a obtención do título.

Aconsellámos que revise as características do plano de estudos e as súas condicións de terminación na seguinte ligazón:

[PLANO DE ESTUDOS](#)

RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIÓN DE MATERIAS: POTENCIAL DE MATRÍCULA

- Na parte inferior da pantalla verás o que se denomina o potencial de matrícula.
- A relación de materias que podes seleccionar móstrase en formato táboa, con varias lapelas. No caso dos alumnos de continuación de estudos, como é o teu caso, se tes algunha materia suspensa de anos pasados, esta estará na lapela “Pendientes”, mentres que aquelas das que nunca te matriculaches aparecerán na lapela “Plan”, e ademais poderás ter outras lapelas, como “Recoñecementos” para o caso de que o Centro resolverse algunha solicitude de recoñecementos antes de facer a matrícula, ou “Fóra do plan” para aqueles casos excepcionais nos que esteas autorizado a matricular materias que non forman parte do teu plan de estudos.
- Na táboa podes filtrar as materias usando a barra de filtro que aparece debaixo da cabeceira e tecleando no campo que queiras filtrar. Non esquezas quitar o filtro unha vez que selecciones as materias necesarias para que che volva a mostrar o resto do potencial de matrícula.

PendentePlanLapelas

Mostrando 25 rexistros por páxinaBusca global

	Materia	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Mención	Período	Grupo	Estado	Observacións	Modalidade	Convo. Consu.
	201957 - Química Analítica Instrumental 2	610 - Facultade de Ciencias	10001 - Grao en Química	Obrigatoria	6.0	X	3er	XX		2o Cuadr.	Barra de filtro				2

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIÓN DE MATERIAS: MARCAXE

- As materias selecciónanse individualmente no botón co símbolo “+” da esquerda.
- Tamén é posible seleccionar todo o grupo de materias que se está visualizando na táboa, pulsando no botón co símbolo “+” da cabeceira. Isto pode ser útil, por exemplo, se primeiro filtras as dun cuadrimestre, de forma que podes, cun só xesto, seleccionalas todas.

Pendente

Plan

Mostrando 25 rexistros por páxina

Selección conxunta de materias


Selección individual de materias

Busca global

	Materia	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Mención	Período	Grupo	Estado	Observacións	Modalidade	Convo. Consu.
X															
+	201957 - Química Analítica Instrumental 2	610 - Facultade de Ciencias	10001 - Grao en Química	Obrigatoria	6.0	X	3er	XX		2o Cuadr.					2

PANTALLA “ASIGNATURAS A MATRICULAR”: SELECCIÓN DE ASIGNATURAS: SELECCIÓN DE GRUPO DE DOCENCIA

- Algunas materias de algunos planes de estudio pueden necesitar tu intervención para ser matriculadas, como ocurre con las materias en las que se ofertan varios grupos de docencia para elegir.
- Si al tratar de matricular un grupo de materias aparece la siguiente alerta, significa que debes matricular esas materias de forma individual (al menos una de ellas) para seleccionar el grupo que desees.



- Una vez que selecciones en una materia el grupo, en función de cómo se haya hecho la configuración del plan de estudios, el sistema asignará automáticamente ese grupo en todas las materias que dispongan de él, por lo que las siguientes selecciones pueden ser en bloque, o tendrás que repetir el proceso anterior en las demás.

Grupos								
	Centro	Plan	Período	Grupo	Capacidad	Observaciones	Modalidad	Propio / Externo
☒	610 - Facultad de Ciencias	10001 - Grado en Química	2o Cuatr.	1	200	Acta-1 / gal-cas.	Presencial	Propio
☐	610 - Facultad de Ciencias	10001 - Grado en Química	2o Cuatr.	2	200	Acta-2 / eng.	Presencial	Propio

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIÓN DE MATERIAS: TÁBOA CON MATERIAS SELECCIONADAS

- Unha vez que selecciones unha materia do potencial de matrícula, esta súmase ao contador de materias e créditos da parte superior, e quítaa da táboa de potencial para poñela noutra táboa superior de materias seleccionadas.
- Na táboa de materias seleccionadas da parte superior podes consultar unha materia pulsando no botón do lapis ou eliminala pulsando no botón co símbolo X.

A MIÑA SELECCIÓN

	Materia	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Mención	Período	Grupo	Estado	Observacións	Modalidade	Convo. Consu.	Pestana
 	201957 - Química Analítica Instrumental 2	610 - Facultade de Ciencias	10001 - Grao en Química	Obrigatoria	6.0	X	3er	XX		2o Cuadr.	1			Presencial	2	Pendente
 	201964 - Química	610 - Facultade de Ciencias	10001 - Grao en Química	Obrigatoria	6.0	X	2o	XX		1er Cuadr.	1			Presencial	5	Pendente

PANTALLA “MATERIAS A MATRICULAR”: SELECCIÓN DE MATERIAS: VALIDACIÓN FINAL

- A aplicación realiza validacións cando, tras finalizar a selección de materias, pulses o botón “Seguinte” na parte inferior ou pulses o botón “Información do pago” do fluxo superior.
- Se obtés unha mensaxe de erro ao tratar de pasar á seguinte fase da matrícula que estea etiquetado como ERRO VALIDACIÓN, significa que incumpres algunha regra de matrícula (como a obriga de matricular un mínimo de 48 ECTS se es alumno a tempo completo). Neste caso, consulta a ficha do plan de estudos e, se non podes solucionar o problema, ponte en contacto coa Administración/UXAI do Centro responsable da túa titulación.

ERRO VALIDACIÓN



Os estudantes de continuación deben matricular un mínimo de 48 créditos(Tipo P Código 15).

PANTALLA “INFORMACIÓN DO PAGO”: INFORMACIÓN DO PAGAMENTO: DESCONTOS

- Nesta pantalla poderás seleccionar a información para o cálculo do importe para pagar.
- En primeiro lugar verás os “descontos”, que son aquelas situacións recollidas na listaxe que se abre ao marcar o cadro correspondente, que supoñen unha redución do importe para pagar (se consideras que tes un desconto que non figura na listaxe, ponte en contacto coa Administración/UXAI da túa titulación e infórmalle diso). Unha vez marques o cadro (1), selecciona o desconto (2) e pásao co botón “>” á sección da dereita (3).
- Se seleccionas un desconto, lembra que antes de finalizar a matrícula podes incluír, no apartado “Achegar documentos”, o documento xustificativo. Se non o fas, dispós dun prazo de 10 días para levalo a cabo, usando a instancia que atoparás no módulo de “Solicitudes de instancias” da túa Secretaría Virtual. Se tampouco fas isto, pode decidirse a desistencia da túa matrícula, do mesmo xeito que poderá ocorrer se indicas un desconto ao que non tes dereito.

INFORMACIÓN DO PAGAMENTO

Aplicación desconto

1



Tipo de desconto

2

- Dispoñible**
- *3 - Discapacitados
 - *4 - Vítimas de terrorismo
 - *5 - Violencia de xénero
 - 7 - Solicitud de pago por factura
 - *9 - Ingreso mínimo vital
 - *12 - Familia numerosa xeral (menos de 4 fillos)**
 - *13 - Familia numerosa xeral (4 fillos)
 - *14 - Familia numerosa especial



3

Seleccionado

Desconto/Bonificación	Descrición: Efectos	Documentación xustificativa
Discapacidade	Estudantes que teñan a condición de persoa con discapacidade ou con funcionalidades diversas: exentos de pagar as taxas académicas e administrativas, pero pagarán os seguros.	Certificado de discapacidade
Familia numerosa especial	Membros dunha unidade familiar con consideración de familia numerosa de categoría especial: exentos de pagar as taxas académicas e administrativas, pero pagarán os seguros.	Documento oficial expedido pola administración autonómica competente
Familia numerosa xeral	Membros dunha unidade familiar con consideración de familia numerosa de categoría xeral: bonificación do 50% das taxas académicas e administrativas, pero non do seguro.	Documento oficial expedido pola administración autonómica competente
Ingreso mínimo vital	Beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital: exentos de pagar as taxas académicas, pero deberán pagar as taxas administrativas e os seguros.	Resolución da concesión do devandito ingreso
Matrícula de honra LOXSE/LOE ou equivalentes	Estudantes que acrediten obter algunha destas mencións: matrícula de honra global en 2º Bacharelato ou Ciclo Formativo Superior, permio extraordinario de Bacharelato ou de Ciclo Formativo Superior, Medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional	Certificado do centro respectivo para os supostos de matrícula de honra e premio extraordinaria. Acreditación da consecución da medalla no caso das olimpíadas académicas
Persoal da UDC	Empregados da Universidade da Coruña, os seus fillos e fillas sen independencia económica, o seu cónxuxe ou parella de feito debidamente rexistrada e as persoas en réxime de acollida: exentos de pagar as taxas académicas, pero pagarán as taxas administrativas e os seguros.	Certificado obtido do portal do persoal polo titular do dereito (empregado da UDC). No caso de que o beneficiario non sexa o titular do dereito, ademais, xustificación documental da relación de parentesco.
Solicitud de matrícula a tempo parcial	Solicitantes de réxime de dedicación a tempo parcial: exentos de pagar as taxas académicas ata que se resolva a súa solicitude, pero deberán pagar as taxas administrativas e os seguros.	A indicada na normativa de aplicación, en función do suposto que xustifique a petición
Solicitud de matrícula en réxime adaptado	Solicitantes de réxime adaptado: como os solicitantes de matrícula a tempo parcial.	A indicada na normativa de aplicación, en función do suposto que xustifique a petición
Solicitud de pago por factura	Solicitantes cuxa matrícula vai ser abonada por unha empresa ou por conta propia como profesional: exentos de pagar as taxas académicas e administrativas que cubra a empresa, pero pagarán as restantes e os seguros.	
Vítimas de terrorismo	Persoas que sufriron ataques terroristas e os seus familiares: exentos de pagar as taxas académicas, pero pagarán as taxas administrativas e os seguros.	Resolución de acollemento ao Programa de Axudas ás Vítimas de Terrorismo
Violencia de xénero	Vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia: exentos de pagar as taxas académicas, pero pagarán as taxas administrativas e os seguros.	Calquera das previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero .

PANTALLA “INFORMACIÓN DO PAGAMENTO”: INFORMACIÓN DO PAGAMENTO: BOLSAS

- Tamén podes indicar se solicitaches ou tes concedida algunha bolsa, pero lembra que marcar esta condición na matrícula non constitúe unha solicitude de bolsa. As bolsas tramítanse por outros leitos, e no momento da matrícula xa tiveches que solicitar a bolsa (aínda que non obtiveses aínda a resolución). En caso de dúbida, consulta coa Administración/UXAI do Centro responsable do teu título.
- Do mesmo xeito que no paso anterior cos descontos, se fose o caso, marca o tipo de bolsa e pulsa no botón “>” para pasalo á sección da dereita.
- Se marcas que solicitaches ou tes concedida algunha bolsa, lembra que antes de finalizar a matrícula podes incluír, no apartado “Achegar documentos”, a xustificación da devandita bolsa (agás no caso das bolsas do MEFPD, que non é necesario que o acredites). Se non o fas, dispós dun prazo de 10 días para levalo a cabo, usando a instancia que atoparás no módulo de “Solicitudes de instancias” da túa Secretaría Virtual. Se tampouco fas isto, pode decidirse a desistencia da túa matrícula. Do mesmo xeito que pasaba cos descontos, se se detecta falsidade ao indicar que solicitaches unha bolsa, poderase anular a túa matrícula.
- Nalgúns supostos, a UDC ten xa coñecemento de que se che concedeu unha bolsa, polo que xa che aparecerá recollida na sección “Seleccionado”, sen necesidade de que a marques ti nin de que xustifiques a súa concesión.

Bolseiro ☒

Tipo de bolsa

Dispoñible		Seleccionado
Bolsa MEFPD		
Bolsa do País Vasco		
Bolsa Abriga UDC		
Mulleres por África		
Join our commitment to action		

PANTALLA “INFORMACIÓN DO PAGAMENTO”: INFORMACIÓN DO PAGAMENTO: NUMERO DE PRAZOS

- Unha vez que marcaches os descuentos e/ou condición de bolseiro, debes marcar o número de prazos nos que desexas pagar a matrícula:
 - Prazo único: nos 10 días naturais seguintes a realizar a matrícula
 - En 4 prazos:
 - Primeiro prazo polo total das taxas administrativas e os seguros e o 40% das taxas académicas: nos dez días naturais seguintes a realizar a matrícula
 - Segundo prazo polo 30% das taxas académicas: nas datas indicadas no resgardo de matrícula
 - Terceiro prazo polo 20% das taxas académicas: nas datas indicadas no resgardo de matrícula
 - Cuarto prazo polo 10% das taxas académicas: nas datas indicadas no resgardo de matrícula

INFORMACIÓN DO PAGAMENTO

Aplicación desconto

☐

Bolseiro

☐

Pagamento a prazos

☒

Seleccionando esta opción, poderá adiar o pagamento en 4 prazos. Teña en conta as datas de pagamento para evitar recargas.

PANTALLA DE “INFORMACIÓN DO PAGAMENTO”: INFORMACIÓN DO PAGAMENTO: FORMA DE PAGAMENTO

- A continuación debes indicar a forma de pago. As actualmente dispoñibles son:
 - **DOMICILIACIÓN BANCARIA**
Esta opción non permite fraccionar o importe da matrícula. É necesario enviar autorización de domiciliación bancaria asinada polo titular da conta usando a instancia correspondente no módulo de “Solicitud de instancias” da túa Secretaría Virtual. O impreso de autorización é un dos que se xeran no último paso da matrícula. Con todo, nalgúns casos verás que non se xera este documento, posto que a UDC xa dispón del.
 - **ENTIDADE FINANCEIRA**
Esta modalidade permite o pago único ou fraccionado en 4 prazos. O pago pódese realizar a través de caixeiros automáticos, con tarxeta pola pasarela de pago das entidades, ou directamente nas entidades bancarias colaboradoras da UDC. Os impresos para abonar estes importes xéranse no último paso da matrícula (nesta [ligazón](#) atoparás unha guía para o pagamento con tarxeta a través da pasarela de pago).

INFORMACIÓN DO PAGAMENTO

Aplicación desconto	☐	
Bolseiro	☐	
Pagamento a prazos	☐	 Seleccionando esta opción, poderá adiar o pagame
Forma de pagamento	☐ Domiciliación Bancaria ☒ Entidade Financeira	

PANTALLA “INFORMACIÓN DO PAGAMENTO”: INFORMACIÓN DO PAGAMENTO: OUTROS IMPORTES

- Os importes obrigatorios na matrícula, como poden ser a apertura de expediente ou outras taxas e seguros obrigatorios, visualizaranse directamente no seguinte paso da matrícula, pero neste momento podes incluír outros seguros de forma voluntaria.
- Se desexas facelo, marca o seguro ou os seguros que che interesan e engadiranse ao cálculo da matrícula.

OUTROS IMPORTES

	Descrición	Importe
☐	Seguro HAC LUCE Mobilidade	125,00 EUR
Seguro obrigatorio de accidentes para maiores de 28 anos		Importe
☐	Seguro HAC LUCE Accidentes (voluntario)	10,00 EUR

- Podes atopar a información dos seguros na seguinte [ligazón](#).

PANTALLA “CONFIRMACIÓN DA MATRÍCULA”

- Na última pantalla poderás revisar todos os datos introducidos na matrícula, e, se fose o caso, podes retroceder a modificalos

i Tras revisar a información resumo da matrícula premer o botón Confirmar

Solicitud Provisional de Matrícula

DATOS XERAIS

Curso máis alto	4
Tipo de plan	créditos
Estudiante condicional bolseiro	Non
Tipo de desconto	0 - Clase de liquidación ordinaria

DATOS ACADÉMICOS

Código	Descrición	Grupo	Período	Clase	Curso	Módulo	Créd.	Conv. esgotadas	Valid.	Cód. P. I.
200002	Ciencia de Materiais	1	1	Obrigatoria	4	XX	6.0	0	Non	0
201957	Química Analítica Instrumental 2	1	2	Obrigatoria	3	XX	6.0	2	Non	0
201958	Química Analítica Avanzada e Quimiometría	1	1	Obrigatoria	4	XX	6.0	0	Non	0
201960	Química Física 2	1	2	Obrigatoria	2	XX	6.0	4	Non	0

PANTALLA “CONFIRMACIÓN DA MATRÍCULA”

- Unha vez pulsado o botón de confirmar terás dispoñibles os impresos correspondentes, que habitualmente serán:
 - O impreso de solicitude de matrícula co resumo da matrícula
 - O impreso de abonarei, se seleccionaches a forma de pago entidade financeira
 - O mandato SEPA que terás que enviar asinado a través do módulo de instancias se seleccionaches a forma de pago domiciliación bancaria
- A continuación, ao pulsar en “Continuar” e despois en “Aceptar”, a aplicación remitirte a unha páxina web que contén información importante para despois da matrícula que debes ler detidamente.

Despois da matrícula: Estudantado de continuación de estudos

Tras a túa matrícula, ten en conta que podes ter tarefas pendentes:

- **Accede á solicitude de instancias:** Se na matrícula marcaches algún tipo de desconto (familia numerosa, discapacidade, etc...) ou bolsa (agás a do MEFPD) e non aportaches a documentación acreditativa no momento de matricularte, debes presentala no 10 días seguintes a través da ligazón a instancias. Tamén terás que acceder ao módulo de instancias para solicitar a matrícula a tempo parcial ou en réxime adaptado (con independencia de que xa marcaras algunha destas posibilidades no momento de matricularte e de que presentaras ou non a documentación coa matrícula), para achegar a orde SEPA se solicitaches por primeira vez pagar por domiciliación bancaria ou cambiaches a conta bancaria, entre outros trámites. [Aquí](#) podes descargar unha guía.
- **Guía para o pago por pasarela bancaria:** Se indicaches na túa matrícula que o pago se faría por entidade financeira, podes acudir a unha das entidades colaboradoras coa UDC e facer o pago presencial, ou utilizar a pasarela de pagos electrónica das entidades colaboradoras coa UDC que dispoñen dela, sen necesidade de ter conta nelas e empregando unha tarxeta de crédito/débito. Neste apartado dispós dunha guía explicativa do proceso.

EN CASO DE PROBLEMAS / DÚBIDAS

- Se atopas problemas durante a realización da matrícula, ou tes dúbidas, ponte en contacto coa Administración/UXAI do Centro responsable do título no que te estás matriculando.
- Podes atopar as direccións dos centros na seguinte [ligazón](#).





GUÍA DE MATRÍCULA

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS DE GRAO